



Estimada familias:

Un ano máis comezamos o curso pero hoxe a situación tan excepcional que vivimos fai que todos/as teñamos moitas dúbidas e preguntas.

Non puidemos informar antes porque como todos/as sabedes polos medios de comunicación, estivéronse tomando decisións moi importantes nos últimos días.

No IES As Bizocas o persoal docente e non docente desenvolveu un intenso traballo preparando este inicio de curso para que todo discorra coa seguridade necesaria e nun ambiente propicio para o proceso educativo.

O centro adaptouse a toda a normativa Covid e isto implica moitos cambios:

- De momento non haberá reunión coas familias e por iso é tan importante que lean con atención esta circular e o tríptico informativo que está colgado na páxina web do centro. Este tríptico entregaráselle ao alumnado en papel o primeiro día de clase co impreso da declaración responsable que deben asinar os proxenitores ou titores/as legais.
- As titorías faranse preferentemente por teléfono ou vía telemática. Para pedir cita dirixíranse ao correo do titor/a que se lles indique.
- Habilitáronse aulas específica como aulas ordinarias e desdoblado grupos. Isto permítenos situar as mesas á distancia de seguridade esixida (1,5 m) e non necesitamos colocar anteparos. Todas as mesas teñen marcado no chan o seu sitio e o alumnado terá un posto fixo para minimizar os contacto e mellorar a trazabilidade.
- Están sinalizados os accesos, a circulación das persoas e a capacidade máxima.
- Todas as entradas están dotadas de xel hidroalcolico e en todas as dependencias hai material de desinfección e papeleiras con tapa.



- Modifícase o horario do persoal de limpeza e durante o horario lectivo procederase á desinfección das aulas cada vez que haxa un cambio de alumnado e desinfectaranse os baños, pomos, pasamáns...
- As aulas teñen uns horarios de ventilación para asegurar a renovación de aire.

Instrucións para o comezo das clases:

- O curso comeza de forma escalonada: día 23 ----- 1º e 2º ESO
día 24 ----- 3º ESO
día 25 ----- 4º ESO
- Como cada día durante o curso o alumno/a confirmará o seu estado de saúde e que non ten febre. Recorden que haberán de asinar unha declaración de que isto se fai a diario.
- Comproben que os seus fillos/as levan a máscara posta e unha de reposto.
- Hai transporte escolar. O primeiro día de clase esperarán coa suficiente antelación nas paradas. Aínda non terán un sitio fixo asignado. Cando se lles asigne, non poderán cambiarse de sitio.
- O alumnado que solicitou o fondo libros debe traer unha mochila para levarlos a casa o primeiro día. Ademais todo o alumnado debe ter papel e bolígrafo (folios, un caderno antigo...) . Non compren ningún outro material (excepto os libros da lista que aparecían no sobre de matrícula) ata recibir indicacións do profesorado.
- Non compartirán o material de uso propio e non poden deixar nada na aula.
- As familias non acceden ao centro. Rogamos que non se concentren na entrada do instituto.
- O primeiro día de clase, cada curso terá un lugar asignado no patio e de alí será conducido polo profesorado ás aulas.
- Durante o curso, o alumnado irá á súa aula directamente ao chegar ao centro. Non esperará no patio á hora de inicio das clases. Haberá profesorado de garda para vixiar este tempo de espera.



- O horario xa é completo desde o primeiro día pero hai un cambio con respecto a anos anteriores: todos os días teremos dous recreos. Isto permitiranos os días de choiva facer quendas para baixar ao pavillón e á cafetería.
- A cafetería funcionará, pero o alumnado non poderá permanecer dentro e entrarán en fila gardando a distancia de seguridade.
- Á saída cada alumno/a terá indicacións do autobús que lle corresponde e é preciso recordar que as familias non deben concentrarse na porta.

Agradecemos a vosa colaboración.

Saúde.

O Equipo Directivo: Nieves Peña (Directora)

Isidoro Serantes (Xefe de Estudos)

Lucía Acuña (Secretaria)